


# XXVIII CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. I CATEGORÍA. Ed. Primaria (5º e 6º)


Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Sección \_\_\_\_\_

1. Completa este pasapalabra.



Por A: Prisión famosa situada preto da ponte Golden Gate.	
Por B: Capital da Comunidade Autónoma de Cataluña.	
Por C: Mariñeiro xenovés que chegou a América en 1492.	
Por D: Apelido do bilbaíno que posuíu o cadro <i>Bos días señor Gauvain</i> .	
Por E: Momento do ano no que o día dura o mesmo número de horas que a noite: doce.	
Por F: Bisbarra galega á que pertencen os municipios de Ares e Moeche.	
Por G: Única illa habitada de Islandia máis ao norte do Círculo Polar Ártico.	
Por H: Cordilleira máis elevada do planeta.	
Por I: País que ten como capital, aínda que non unanimamente recoñecida, Xersualén	
Por K: Arquipélago volcánico de Indonesia onde houbo unhas potentísimas erupcións en 1883.	
Por L: Localidade cántabra onde hai un Cristo que move os ollos.	
Por M: Escultor grego autor do Discóbolo.	
Por N: Territorio (agora país) onde se produciu o primeiro xenocidio do XX, recoñecido por Alemaña.	
Por O: Estado dos EE.UU onde se atopan os preciosos outeiros de Painted Hills.	
Por P: Etapa histórica máis longa e antiga da Prehistoria.	
Por R: Sobriño de Carlomagno que morreu en Roncesvalles.	
Por S: Graxa de balea transformada en aceite.	
Por T: Unha das catro bases nitroxenadas que forman parte do ADN.	
Por U: País que limita con Argentina.	
Por V: Bebida alcólica produto da fermentación do zume da uva.	
Por W: Batalla que marca a derrota definitiva de Napoleón en 1815.	
Por X: Tipo de prantas adaptadas á falta de auga.	
Por Y: Universidade americana rival de Harvard onde estudaron Bill e Hillary Clinton	
Por Z: Nome vello da Praza de Independencia de Vigo.	

2. Nome da cidade onde se atopa o edificio da imaxe da esquerda que tivo “moita historia” e nome da ferverza de Galicia da 2ª foto.



3. Contesta a estas cuestións.

1. Cal é a capital de Bulgaria?	
2. Paisaxe chamado <i>O Canon do Colorado español</i> .	
3. Barco que é considerado o Titanic de auga doce ao naufragar en 1915, provocando a morte de 844 persoas.	
4. País máis pequeno e densamente poboado de toda a América continental.	
5. Expresión que transmite, en inuit, nerviosismo que experimentas cando agardas por alguén.	
6. Entre que localidades se atopa a <i>muralla china</i> de Guadalajara?	
7. De que obra de Alberto Giacometti dixo Dalí que era <i>un obxecto con funcionamento simbólico</i> ?	
8. En que século estaríamos no ano 423 a. C?	
9. En que país sitúas o corredor de Wakham?	
10. Que obra de arte é a 8ª marabilla do mundo según palabras do <i>Vasari español</i> , Antonio Palomino.	
11. Ponte de madeira de teca máis longo do mundo que cruza un lago de Myanmar.	
12. Cal destes acontecementos históricos é máis vello no tempo (foi antes): volta ao mundo en barco de Elcano; caída de Constantinopla polos turcos; viaxes de Marco Polo ou a guerra dos Cen Anos?	
13. Que porcentaxe aproximada do comercio internacional de mercadorías faise a través do mar?	
14. Parque temático máis visitado en Francia, logo de Eurodisney e que ten que ver coa Historia.	
15. Cal destas baías da illa de Chipre é máis meridional: Gazimagusa, Akrotiri ou Larnaca?	
16. Quen é o artista autor da pintura <i>A Familia de Felipe IV</i> ou <i>As Meninas</i> ?	
17. Que faraón aparece representados nos famosos Colosos de Memnón?	
18. Ministro que chegou a Vigo en 1986 para inaugurar a demolición do scalextric xunto ao alcalde Manoel Soto.	
19. Que localidades une a ponte máis longa de España?	
20. Cantos touros de boa calidade dispoñía o Concello de Pontevedra para a festa de inauguración da igrexa xesuítica da cidade en agosto de 1714 según consta no programa?	
21. Artista que deixou escrito: <i>os medicis creáronme e destruíronme</i> .	
22. Que figura feminina aparece no centro da pintura de Garmelo y Alda <i>La muerte de Lucano</i> ?	
23. Grupos de xente en Xapón con intereses comúns e que se axudan de por vida	
24. Que provincia forma parte de Terra de Campos ademais de Valladolid, Palencia e León?	
25. Que dous países producen o 85 % aproximadamente do aceite de palma no mundo?	
26. Termo que empregan os habitantes das illas Marquesas para referirse ao pan, un dos alimentos básicos dos isleños e froito da pulpa da árbore <i>mei</i> ?	
27. A que cidade irías a contemplar o Partenón?	
28. Países que formaron parte da chamada <i>Revolución Cantada</i> a finais da década de 1980.	
29. Cal destes cayos está situado máis a poniente no arquipélago dos Xardíns da Raíña en Cuba: Anclitas, Indios, Cinco Balas, Laberinto de las Doce Leguas?	
30. Quen foi Xefe do Estado en España entre 1939 e 1975?	

4. Completa este encadeado sobre a nosa cidade:

A cidade de Vigo atópase na provincia de \_\_\_\_\_. Xa sabes que non é a capital desa provincia na actualidade, pero antes da división provincial de 1833, houbo un momento na historia na que sí foi a capital, aprobación que se deu nas Cortes no ano de \_\_\_\_\_. Entre as cidades non capitais de provincia, por número de habitantes, ocupa en España o posto número \_\_\_\_\_. Saberías dicir o nome do seu río principal? \_\_\_\_\_. As cores da bandeira de Vigo son \_\_\_\_\_. O templo principal da cidade é Santa María de Vigo, elevada á xerarquía da Igrexa como concatedral no ano 1959, sendo alcalde da cidade daquela \_\_\_\_\_.

Unha das fontes de informacións histórica importantes para coñecer a historia da cidade no século XVIII é o famoso Catastro de Ensenada. Gracias as pesquisas dese catastro sabemos que Vigo contaba, dentro das murallas cun total de \_\_\_\_\_ pobres.

A historia da cidade foi cambiando o nome de moitas rúas, según a tendencia política e ideolóxica predominante. Por exemplo, durante a II República, o irmán de Francisco Franco, Ramón, foi escollido para substituír o nome da rúa de \_\_\_\_\_. Uns anos antes, no ano de 1873, segundo o Diario Oficial de Avisos de Madrid, en relación ao Cable inglés para a comunicación telegráfica submariña, decía que debía expresarse para esa comunicación, que custaba 40 reais, estas palabras no encabezamento da mensaxe: \_\_\_\_\_, palabras que non se contarían para pagar.

Que parroquia das que conforman o municipio de Vigo é máis occidental? \_\_\_\_\_.